

CÁRITAS N'OS COTOS

Obxectivo xeral

1.- Medrar na propia formación do grupo.

2.- Pretender que nos Cotos sexamos unha comunidade que:

- está atenta ás necesidades, sobre todo das persoas maiores,
- resposta aos problemas de necesidade e xustiza que haxa entre nós,
- e fai presente a caridade coma camiño de evanxeo pra con outras persoas e outros pobos (p.e. Kasempa)

Obxectivos específicos

1 .- Coñecer outros grupos de caritas, e que se nos coñeza na Diocese.

2 .- Dar a coñecer na propia comunidade dos Cotos a existencia dun grupo de caritas.

3 .- Ser un grupo de referencia ao que se pode acudir ante calquera necesidade, e que está disposto a dar unha man dentro das súas posibilidades.

4 .- Organizar algunha actividade que teña coma destinatario ás persoas maiores, sobre todo procurando que se sintan acollidas, acompañadas e escoitadas.

1.- Localización

O ámbito de actuación será:

1 .- O propio grupo sobretodo buscando a súa consolidación tanto dende a iniciativa propia como contando coa axuda dos responsables da caritas diocesá.

2 .- O ámbito de actuación do grupo de caritas dos Cotos será fundamentalmente o que forman as parroquias dos Cotos,

3 .- e só en circunstancias especiais se irá máis alá (por exemplo colaborando con caritas internacional ante algunha urxencia).

2.- Destinatarios

1 .- As persoas que forman o grupo, de xeito que haxa unha continuidade na mellor formación pra responder a todas as necesidades que poidan ir xurdindo.

2 .- As persoas que acudan ao grupo na procura dalgunha axuda pra súa situación específica.

3 .- As persoas maiores que forman parte da comunidade dos Cotos.

3.- Metas-Resultados esperados

1 .- Consolidación do grupo de cáritas dos Cotos, de xeito que se chegue a ser un referente pra o resto da comunidade.

2 .- Ser capaz de dar respostas axeitadas a todas aquelas persoas que acudan con algunha necesidade, mesmo facilitando que sexan outros organismos os que resolvan.

3 .- Conseguir con algunhas pequenas actividades que as persoas maiores da nosa comunidade se sintan acollidas, acompañadas, e valoradas.

4.- Metodoloxía

1 .- Reunirse e merendar como dinámica pra o propio grupo

2 .- Dinámica pra dar a coñecer o grupo na comunidade dos Cotos, presentarnos nos domingos.

3 .- Dinámica pra atención directa

Día e horario de referencia. Un día a semana e programamos

Lugar de encontro o que hoxe é o despacho parroquial

Atención e achegamento a domicilios en casos particulares

4 .- Dinámica pra actividades con persoas maiores:

- Organizar algunha actividade arredor de Nadal pra coas persoas maiores buscando que se impliquen todas as parroquias (Festival de nadal, obra de teatro, felicitación de nadal personalizada, ...

- Ir facendo un listado en cada parroquia de persoas maiores que teñan máis dificultades.

- Organizar na celebración da festa da pascua algo no que participe o grupo de cáritas, e algo que teña coma destinatarios aos maiores.

- Organizar no verán algún encontro no que os maiores sexan os convidados e os protagonistas, de xeito que se vaian relacionando entre eles, e se sintan parte fundamental na nosa comunidade dos Cotos. (unha excursión, un xantar compartido, un contacontos, unha de birisca, ...).

5.- Recursos humanos

1 .- As persoas que hoxe formamos o grupo de cáritas interparroquial dos Cotos, e aquelas que queiran participar e implicarse na marcha deste grupo de xeito que sexamos máis representativos de todas as parroquias.

2 .- A colaboración dos copárrocos, e dos organismos diocesáns de cáritas que foran necesarios.

3 .- As persoas doutros organismos aos que se deriven casos concretos, pois son eles os que mellor resposta poden dar.

4 .- Colaboradores de cada parroquia que se poidan implicar no desenrolo dalgunha das actividades concretas que se ten previsto realizar ao longo do ano.

6.- Recursos materiais e financeiros

1 .- Parece que o mellor lugar é o despacho da reitoral.

2 .- Aportación ou colecta específica en cada parroquia pra o mantemento das necesidades do grupo de cáritas. Pode facerse con colectas específicas, pode facerse tendo na parroquia un peto no que todo o que se recauda é pra cáritas, pode facerse cunha aportación directa dos fondos parroquias de cada comunidade, ...

3 .- Aportación mensual dende o fondo común dos Cotos, fondo que foi creado pra o mantemento das actividades que se desenvolven dun xeito conxunto pra todas as parroquias.

7.- Temporalización

O tempo pra desenrolar o propio grupo e as actividades elixidas vai ser a partir do ano 2007, e coa mirada posta nunha continuidade.